



Expediente: 6A3/2018/9

ACTA DA CUARTA REUNIÓN DO XURADO DO CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A DEFINIÇÃO DE ESTRATEXIAS DE TRANSFORMACIÓN DO BORDO LITORAL DA CIDADE DA CORUÑA, DENDE O DIQUE DE ABRIGO ATÉ A PRAIA DE OZA

No Salón Abelenda do Pazo Municipal de María Pita, ás 19:34 horas do día 27 de decembro do 2018, reúnense os membros do Xurado que se dirán, ao fin de continuar co desenvolvemento do concurso de ideas con intervención de xurado para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da Coruña, dende o dique de Abrigo até a praia de Oza.

Presidente:

D. Xulio X. Ferreiro Baamonde, sr. Alcalde do Concello da Coruña

Vogais:

D^a. Pilar López-Riobóo Ansorena, Subdelegada do Goberno na Coruña

D. Juan Carlos Barreiro González, Xefe Territorial da Consellería do Mar na Coruña, representante da Xunta de Galicia

D. Cristóbal Crespo González, representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)

D. Roberto Costas Pérez, representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)

D^a María del Mar García Álvarez, representante do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia (CICCPGalicia)

D^a Carlota Pita Pita, representante do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia (CICCPGalicia)

D. Xiao Varela Gómez, Tenente de alcalde da Área de Rexeneración Urbana, Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible

D. Fermín Navarrina Martínez, Representante da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña

D^a. Rosa María Gallego Neira, Representante do grupo municipal do Partido Popular

D. José Manuel Dapena Varela, Representante do grupo municipal do Partido Socialista Obrero Español

D^a. Avia Veira González, Representante do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego

D. Fernando Agrasar Quiroga, representante da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña

D. Jorge Cao Abad, Director da Área de Espazo Público e Mobilidade

D. Fernando Santiago Martínez López, Xefe do Servizo de Infraestruturas



D. Alberto Vázquez Aguilar, Xefe do Servizo de Edificación
D. Xosé Lois Martínez Suárez, Profesional de recoñecido prestixio
D. Carlos Nardiz Ortiz, profesional de recoñecido prestixio

Secretario

D. Miguel Iglesias Martínez, Oficial maior do Concello da Coruña.

Escusaron a súa asistencia:

D. Enrique Peña González, representante do Reitorado da Universidade da Coruña
D. Juan Novoa Gómez, representante da Autoridade Portuaria da Coruña
D. Álvaro Mora Paulete, Xefe da Área de Orzamentos, en representación da Presidenta de Puertos del Estado.
D^a. Isabel Aguirre de Urcola, Directora da Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega
D. Óscar Luís Peña Sánchez, Xefe do Departamento de Planeamento
D^a. Beatriz Moar Ulloa, Xefa da Oficina técnica de Licenzas

O sr. Alcalde, como Presidente do xurado dá a benvinda a todos os presentes e agradece a súa asistencia.

De conformidade coa base 9.2.1 das bases que rexen o concurso e co artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, á vista da presenza dos vogais do xurado sinalados, queda validamente constituído nesta sesión, ao estar presentes á metade dos membros que compoñen o xurado.

1º.- Aprobación da acta da reunión anterior

En relación coa acta da reunión anterior do xurado celebrada o 11 de decembro de 2018 pola secretaría do xurado dáse conta de que segundo o artigo 18 da Lei40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, deuse traslado do borrador da acta aos membros do xurado por correo electrónico, sen que polo mesmo medio se amosarán reparos ao texto a efectos da súa aprobación, polo que se non se manifesta oposición considerase aprobada a acta na reunión do 11 de decembro sen máis trámite.

2º.- Dar conta da resolución dos recursos especiais en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (Tacgal)

O secretario do xurado explica que na anterior reunión do xurado acordouse proceder á votación en terceira rolda deixando en suspenso a apertura dos sobres B ata coñecer se o recurso era ou non admitido polo Tacgal. Os recursos presentados (despois da reunión do xurado do 11 de decembro recibíuse outro, recurso 145/2018 e recurso 149/2018) foron



desestimados polo Tacgal en resolución conxunta nº 132/2018 do 20 de decembro de 2018, polo que procede continuar segundo as bases e proceder á apertura dos sobres B das propostas incluídas no fallo adoptado polo xurado na reunión do 11 de decembro de 2018.

3º.- Proposta á Xunta de Goberno Local

O resultado da votación anónima realizada na reunión do 11 de decembro de 2018 foi a seguinte:

Nº ORDE	LEMA	PUNTUACIÓN
1	“Ciudad Puerto”	20
2	“Porto Metropolitano”.	27
3	“Growing Together”	42
4	“Nosfíos”	50
5	“Porsuporto”	67
6	“1208/2018”	-----
7	“Barrio 12”	1
8	“Sou”	12

A continuación procédese á apertura dos sobres B que conteñen a identificación dos/as responsables das 5 propostas que obtiveron maior puntuación:

Nº ORDE	LEMA	RESPONSABLES
1	“Porsuporto”	Equipo multidisciplinar: Habitat Social Sociedade Cooperativa Galega Iria María Brandariz Otero (arquitecta) Carolina Jack Lago (arquitecta) Ramón Fernández Sánchez (arquitecto) José Manuel Sánchez Vizcaíno (arquitecto) Partidarios da Cidade, S. Coop. Galega Iago Borja Carro Patiño (arquitecto) Daniel Castro Martínez (arquitecto) Flu-or Sociedade Civil Alba González Vilar (arquitecta) Juan Miguel Salgado Gómez (arquitecto) Luís Manuel Santalla Blanco (arquitecto) Cosme Damián Romay Cousido (biólogo)
2	“Nosfíos”	Equipo multidisciplinar: Creus y Carrasco Arquitectos Juan José Creus Andrade (arquitecto) Covadonga Carrasco López (arquitecta) Alicia Balbás Gonzalo (arquitecta) Mirian Núñez Guerrero (arquitecta) Mónica Rodríguez Castillo (arquitecta) Iago Otero Regueira (arquitecto)
3	“Growing Together”	Enrique Urcola Telleira (enxeñeiro de camiños, canais e portos)



4	"Porto Metropolitano"	Equipo multidisciplinar: Juan Álvarez Villar (enxeñeiro civil. Máster en Sistemas ferroviarios) Noelia Domínguez Domínguez (enxeñeira de camiños, canais e portos) Francisco Javier Fernández Fidalgo (enxeñeiro de camiños, canais e portos) Carlos García Seco (enxeñeiro de camiños, canais e portos) Enrique Pérez Rodríguez-Carmona (enxeñeiro de camiños, canais e portos) Francisco Varela Bermúdez (arquitecto técnico)
5	"Ciudad Puerto"	Equipo multidisciplinar: Jordi Henrich Monrás (arquitecto) Joan Alemany Llovera (economista) Estratègia Momentumco, S.L. (participación) Ingeniería de Tráfico, S.L. (movibilidade) Estudi Xavier Mayor et al, S.L. (sostibilidade)

O xurado acordo elevar proposta de adxudicación dos premios á Xunta de Goberno Local con traslado da actas das reunións do xurado e do comité asesor nas que as opinións dos distintos membros do xurado terán a consideración de informe ao que se refire a base 10.2 das que rexen o concurso.

A Xunta de Goberno Local requirirá aos premiados a presentación no prazo dun mes sinalado na base 11.2, a documentación referida na base 14.6.4 para o período de participación cidadá.

Dona Rosa Gallego Neira pide a palabra para reiterar que aínda que a limitación dos 3 megas puidera ser excesiva era unha clara limitación dos pregos, polo que non entende a abstención dos membros do xurado que son xuristas. Tamén incide en que outorgar 5 premios non é xusto e que debería terse deixado deserto algún. Finalmente a sra. Gallego pregunta se na elaboración do prego participou algunha empresa, ao que don Xiao Varela Gómez responde que non, que o elaboraron funcionarios municipais.

O sr. Alcalde manifesta que procederán de inmediato a comunicar telefonicamente aos gañadores o fallo así como tamén se procederá a solicitar dos demais participantes a autorización para expoñer as súas propostas, incluíndo os excluídos por incumprimento do prego de bases da convocatoria, como ten proposto tanto o xurado como o comité asesor.

O secretario do xurado manifesta que da presente reunión se levantará acta segundo o artigo 18 da Lei40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, da que se dará traslado aos membros do xurado, indicando que unha vez elaborada será remitida por correo electrónico a todos os membros, quenes poderán polo mesmo medio amosar a súa conformidade ou obxeccións ao texto a efectos da súa aprobación, "*considerándose, en caso afirmativo, aprobada na mesma reunión*", en caso contrario se someterán as propostas de cambio a todos os membros do xurado polo mesmo medio aos efectos de incorporar as observacións que procedan e considerar a acta aprobada, en tanto que non haberá próxima reunión para aprobación da acta. A este fin solicita o secretario do xurado autorización para



redactar e asinar, a reserva dos termos definitivos da acta, un anuncio ao que poda darse publicidade mañá mesmo co fallo do concurso, ao que o xurado non presenta obxección.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e cincuenta e oito minutos, levántase a reunión estendendo a presente acta para a súa constancia como secretario do xurado, co visto e prace do Presidente do xurado, segundo o previsto no artigo 18.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público que asinamos electronicamente na Coruña, na data de sinatura que consta no documento electrónico, entendéndose aprobada a presente acta nesta reunión ao non ter recibido mostras de reparo desde a remisión do borrador da acta aos membros do xurado.